



CRISE SANITARIA CAUSADA POLO COVID-19. CONSIDERACIÓNS ÉTICAS SOBRE A ATENCIÓN PRIMARIA EN GALICIA

Consello de Bioética de Galicia (CBG)

RESUMO

A crise sanitaria causada polo COVID-19 levou á toma de decisións urxentes e excepcionais que están a poñer en risco os valores esenciais das persoas. Isto tivo un especial impacto na relación clínica propia da Atención Primaria, modificando sobre todo un dos seus alicerces fundamentais, que é a accesibilidade. A pandemia resaltou a importancia deste ámbito asistencial sanitario e fai necesaria unha reflexión ética para preservar as súas características e valores fundamentais.

A Atención Primaria é o comezo dun proceso permanente de asistencia sanitaria e constitúe o primeiro e máis próximo contacto das persoas e da comunidade co Sistema Público de Saúde de Galicia. Por esta razón, dentro dos elementos que a vertebran inclúese que sexa integral, integrada, activa, participativa e coordinada cos outros ámbitos da asistencia, sendo a súa lonxitudinalidade e a accesibilidade dúas alicerces sobre os que se basea.

Para conter a pandemia causada polo COVID-19 foi necesario tomar unha serie de medidas excepcionais que obrigaron aos profesionais da Atención Primaria a relacionárense dun xeito novo cos pacientes: incorporar os chamados Circuitos Covid, establecer unha certa distancia interpersonal, utilizar equipos de protección, aumentar o número e o tipo de consultas telemáticas, introducir sistemas de triaxe, redistribuír o tempo, etc.

Ademais de modificárense moitas pautas de actuación tamén se estableceron outras novas no contexto dunha gran presión asistencial que dificulta ponderar axeitadamente os valores implicados nas decisións tomadas.



Manter ao longo dos meses algunhas das pautas e decisións que foran tomadas ao inicio da pandemia, xunto co feito de encargar aos profesionais da Atención Primaria a tarefa de diagnosticar e seguir a case tódolos casos sospeitosos ou confirmados de COVID-19, incluíndo os das residencias socio-sanitarias, tivo consecuencias na práctica clínica. Foi preciso realizar unha asistencia que, ao non ir acompañada dunha adecuación dos, xa en por si, limitados recursos, evidenciou circunstancias que eran coñecidas e salientou outras novas.

Todo isto tivo e está a ter un serio impacto na relación profesional-paciente e, polo tanto, na prestación de atención que lle é propia á Atención Primaria.

O máis preocupante é que esta sucesión de eventos está a afectar a dous dos alicerces xa citados nos que se basea a Atención Primaria, a súa lonxitudinalidade, entendida como asistencia continua e permanente dirixida a evitar a súa fragmentación e a accesibilidade, é dicir, a entrada ao Sistema Público de Saúde de Galicia sen dificultades nin discriminacións de ningún tipo.

O Consello de Bioética de Galicia considerou fundamental facer unha reflexión sobre o contexto actual da Atención Primaria no noso territorio, que se resume no presente documento no que se quere chamar a atención sobre:

- ❖ A presión asistencial intensa e mantida no tempo.
- ❖ A limitación do acceso ás consultas presenciais
- ❖ A modificación das pautas da práctica clínica habitual a través de protocolos que fican obsoletos nun breve prazo de tempo.
- ❖ Ter que darlle preferencia a atención dos problemas relacionados co COVID-19.
- ❖ O incremento das labores burocráticas dos/as profesionais.
- ❖ A variabilidade dos procesos asistenciais nas diferentes áreas sanitarias
- ❖ O descontento percibido da poboación respecto á atención e en relación coa falla de información



A chamada "atención telemática" ten certos aspectos positivos: impedir as aglomeracións e contaxios nos centros de saúde, evitar desprazamentos innecesarios en moitos casos, facer un mellor aproveitamento das horas de traballo e establecer unha triaxe básica, ademais de organizar as axendas dos profesionais por prioridades.

Porén, este tipo de consulta, para respectar a intimidade e a confidencialidade debidas na relación, cumprir o seu obxectivo asistencial e evitar a posible interferencia na autonomía na toma de decisións, precisa contar con habilidades específicas de comunicación, que son aínda máis necesarias coas persoas maiores ou coas que teñen dificultades sensoriais e/ou cognitivas.

Se este tipo de atención non se adapta aos requisitos da asistencia ou é desproporcionada, pode non cumprir os fins da Medicina e crear unha sensación de inseguridade nos/as profesionais e de falta de protección nos/as pacientes. Cómpre lembrar que a atención presencial é a "regra de ouro" da relación sanitaria que se desenvolve na Atención Primaria.

O coñecemento sobre a pandemia xérase día a día, o que motiva unha rápida obsolescencia dos protocolos e dificulta tanto a actualización como a transmisión e comunicación dos mesmos e das novas normas que se producen en xeral, creando a conseguinte incerteza nos/as profesionais e na cidadanía.

Darlle prioridade á patoloxía COVID repercutiu de xeito negativo na atención integral propia da Atención Primaria, en especial a dos pacientes con patoloxías crónicas, pois relegou a atención doutras enfermidades, suprimiu procesos asistenciais que se consideraron menos prioritarios e retrasou actividades de certa urxencia co risco de causar efectos colaterais graves para a saúde das persoas.

Neste contexto de presión asistencial, e de xeito paradoxal, as tarefas burocráticas dos profesionais aumentaron ata ocupar un tempo significativo da xornada laboral, especialmente debido ás respostas administrativas e de control relacionadas co COVID-19.



De xeito global, coas medidas tomadas para combater o virus mantidas incluso fóra dos períodos álxidos da pandemia, a accesibilidade característica da Atención Primaria estase vendo progresivamente debilitada. A variabilidade territorial, ás veces non xustificada, coa que se aplicaron as ditas medidas causou ademais desigualdade na atención.

O proceso de deliberación levado a cabo sitúa ao Consello de Bioética de Galicia no deber moral de afirmar que:

→ Unha situación excepcional e sen precedentes como a actual pandemia non debe restarlle importancia aos aspectos éticos da asistencia sanitaria. Máis ben podería ser unha oportunidade para mellorar a calidade técnica e potenciar a calidade moral das decisións no ámbito da Atención Primaria, e para buscar os cursos de acción máis razoables, de acordo coa realidade e as limitacións do Sistema Público de Saúde de Galicia.

→ É necesario lembrar que calquera sacrificio dos aspectos éticos baseado na excepcionalidade da pandemia debería manterse durante o tempo imprescindible e ir mudando gradualmente a medida que se adquiren novos coñecementos e experiencia para, canto antes, volver reflectilos nos plans de continxencia.

→ É responsabilidade individual de cada profesional aplicar os plans de continxencia activados e conxugar a súa aplicación cos valores das persoas e os principios éticos da relación clínica.

→ A prolongación da crise e a incerteza mantida ao longo do tempo agravan a percepción de debilidade nun dos cimentos da Atención Primaria, como é a accesibilidade.

→ O deterioro da accesibilidade pon en grave risco a calidade asistencial prestada no conxunto do Sistema Público de Saúde de Galicia. Preservala fronte ese risco requiriría incluír na atención tanto as necesidades dos pacientes como o respecto polos seus valores facendo especial fincapé na súa participación na toma de decisións que afectan á súa saúde.



→ En definitiva, incorporar aspectos éticos á asistencia sanitaria que se presta na Atención Primaria é imprescindible para salvagardar as bases sobre as que se constrúe e manter a calidade integral do seu servizo.

Son dous os **obxectivos** do Consello de Bioética de Galicia ao facer as presentes consideracións:

- Chamar a atención sobre os feitos descritos e as súas consecuencias para intentar minimizar o menoscabo dos valores das persoas e invitar á reflexión sobre os mesmos.
- Pórse a disposición da Administración Sanitaria na súa función de asesoramento nas dimensións éticas para ver de aportar melloras tanto nos plans de continxencia, como nos de desescalada ou de calquera outra actuación relacionada; melloras orientadas a recuperar a debilitada confianza da cidadanía e dos/as profesionais na calidade da asistencia e, en especial, a salvagardar a esencia máis profunda da Atención Primaria.

Consello de Bioética de Galicia

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2021